

Bloque

A Estrada

Número 25. Epoca 1ª / Abril 2011

“ O BNG demostrou que sabe gobernar ben. Co teu apoio, queremos seguir a transformar A Estrada ”

Impreso postal sen enderezo

O BNG da Estrada presenta unha candidatura comprometida coa Estrada e con Galiza



O BNG da Estrada presentou o 14 de abril a candidatura coa que concorrerá ás eleccións municipais do 22 de maio. A candidatura do BNG, conformada por 21 persoas, homes e mulleres, mozos e mozas, representativos da sociedade estradense, combina a experiencia de goberno coa renovación que todo proxecto político debe ter. Malia que o noso rural é sobradamente coñecido pola súa amplitude, a candidatura do BNG leva unha grande representación de persoas vinculadas directa ou indirectamente co rural. Reflicte tamén aos distintos sectores sociais como a agro, o comercio ou os servizos e con especial atención á mocidade, cun grande dinamismo no terreo asociativo e cultural. Con esta lista o BNG da Estrada quere seguir coa transformación levada

a cabo durante estes últimos catro anos na Estrada. Queremos favorecer a creación de emprego e traballaremos para alcanzar no noso concello novas cotas de benestar, onde se poida vivir e traballar, cunha maior calidade de vida. En resumo, queremos futuro para todos e todas.

1. Xosé Magariños Maceiras
2. Maribel Ruíz Ferro (Couso)
3. Mar Blanco Casais (A Estrada)
4. Manuel Reices Villar (Couso)
5. Constantino Regueira Paz (Guimarei)
6. Clara Iglesias Cortizo (A Estrada)
7. Xosé Manuel Xestoso Maceiras (Santeles)
8. Encarna Picallo Fernández (Souto)
9. Luís Torres Vázquez (Calobre)
10. María Blanco Corral (A Estrada)
11. Ana López Miguéns (A Estrada)
12. Francisco Xavier Barreiro Carracedo "Fuco" (A Estrada)
13. Gema Fernández Martínez (A Estrada)
14. Manuel Anxo Rei Chao (A Estrada)
15. Xosé Neira Barros (Ancorados)
16. María Xesús Balo Becerra (A Estrada)
17. Antonio de Oliveira Nogueira (Rubín)
18. Sandra Barros Barcala (Santa Cristina de Veá)
19. M^a Dolores Reimóndez Reimóndez (Castro)
20. Xan Carlos Castro Blanco (Guimarei)
21. Raquel López Doce (A Estrada)

Suplentes

Gonzalo Constenla (A Estrada)
Rosa Bugallo Vecino (Cabanelas)
António Álvarez Merayo (A Estrada)
Xosefiña Pereira Rivas (A Estrada)
Lucía Álvarez Mato (Lamas)
Montserrat López Doce (A Estrada)
ManuelAnxo Rendo Lema (A Estrada)

Edita: BNG A Estrada



www.bng-galiza.org
estrada@bng-galiza.org

Turismo: A Estrada nas catro estacións



Rapa das Bestas, un atractivo fundamental do noso concello

A Concellaría de Medio Rural e Turismo, que dirixe a nacionalista Raquel López Doce, renovou por completo a política turística con actuacións sobre os elementos patrimoniais e a súa posta en valor, a presenza nos foros turísticos, a edición de materiais promocionais, a nova páxina web, a creación dos per-

files en Facebook e Twitter, e a campaña publicitaria. Todo isto logrou que esteamos no camiño de conseguir o posicionamento da Estrada entre os destinos turísticos de primeira orde, dinamizando non só ao propio sector senón tamén aos que dalgún xeito se vinculan a este (comercio, hostalería, artesanía...). A guía turística, que xa vai na segunda edición, recolle, ademais dos elementos máis coñecidos, outros moitos atractivos e potencialidades que temos e que permiten gozar do concello da Estrada nas catro estacións do ano. Malia todo, non se descoidou un ápice o evento máis importante do

ano na Estrada, que é a Rapa das Bestas, á que, tras a Declaración de Festa de Interese Turístico Internacional, se lle deu un impulso importante co premio de fotografía, que vai xa pola cuarta edición e que permitiu a exposición desta Festa e tradición en lugares nos que até agora non estivera presente, como Bruxelas ou o Museo do Pobo Galego. Mais este intenso traballo levado a cabo no eido do turismo nestes catro anos debe continuar. O malogrado proxecto de mellora do contorno do Pazo de Oca deberá volveuse intentar, e a estratexia de dinamización turística debe subir novos chanzos, encetando novos retos como a creación de paquetes turísticos, a posta en valor do noso rico patrimonio disperso polo rural, sinalizándoo axeitadamente e utilizando internet e as redes sociais para darlle unha maior promoción, tanto aos puntos de interese turístico como a hostalaría turística e gastronómica local.

Lingua, cultura e patrimonio: Posta en valor do noso

Vivimos un momento no que a nosa lingua está especialmente ameazada: o actual goberno da Xunta de Galiza lexisla na súa contra, rompe os consensos en materia lingüística e mantén unha actitude de regresión no que respecta aos usos e dereitos do galego. O mesmo poderíamos dicir da nosa cultura e do noso patrimonio. O que para o PP son "pedras estrañas", criticando o arranxo e recuperación de fontes e lavadoiros nos últimos catros anos nas parroquias do rural, mais tamén na vila (Lavadoiro de Leicures), para o BNG é un rico patrimonio que temos que coidar e por en valor; unha tarefa que continuaremos nos vindeiros meses, tendo como principal obxectivo a recuperación para uso público da Torre de Guimarei. E o mesmo poderíamos dicir a respecto da nosa cultura, da que se



Queremos recuperar a Torre de Guimarei para uso público

fai aquí, na Estrada, que é moi rica e variada, e que, sen apenas apoio público, moitas asociacións levan a cabo con moito esforzo. Neste eido actuará decididamente o BNG. Para o BNG lingua,

cultura e patrimonio están intimamente relacionadas. Por este motivo será, polo tanto, un obxectivo preferente e transversal na actuación política do BNG no Concello da Estrada.

Rural e saneamento: No rural hai futuro grazas ao BNG



O BNG fixo actuacións en todas as parroquias

Foron moitas as melloras de camiños e accesos a núcleos que se acometeron durante os últimos catro anos en contraste cos anos anteriores. No BNG

podemos dicir con orgullo que a Concellaría de Medio Rural tivo actuacións en todas as parroquias do noso rural. Ademais, a partires do 23 de maio es-

tas actuacións terán como guieiro de actuación o Plan Municipal de Estradas, o primeiro plan que ten un concello destas características, e que permitirá unha actuación racional en base ás necesidades reais dos veciños e veciñas. Por outra banda, en colaboración cos veciños e veciñas melloráronse outras infraestruturas coma presas, pozos de rega e canalizacións. O BNG organizou as distintas edicións das feiras sustentábeis, nas que, por primeira vez, se creou un espazo para a venda de produtos tradicionais e ecolóxicos. O saneamento é unha clamorosa demanda no noso rural, polo que será unha das prioridades do BNG, para o que se buscarán alternativas máis eficaces e máis baratas -que as hai- para solucionar este problema en todo o rural.

Urbanismo e emprego: O BNG está comprometido coa aprobación do PXOM

Cun 15% de taxa de paro en Galiza e case 250.000 persoas no paro no noso País temos un gran problema. Pero na Estrada sen un PXOM aprobado, e cunhas licenzas practicamente paralizadas no rural desde 2002, os veciños e veciñas e os sectores económicos e empresariais teñen un grandísimo problema, incrementado coa ameaza da volta ás Normas Subsidiarias de 1978. Foron os obstáculos que o PP puxo unha e outra vez para evitar a aprobación do PXOM, o que impide que hoxe sexa unha realidade e poder encetar o novo mandato abrindo novas rúas, novas zonas verdes, novas zonas de aparcadoiros, dotando á vila de novos servizos como o centro de día ou novo xulgado, abrir as licenzas no rural, novo solo industrial público... En definitiva, dotar ao concello dunha normativa urbanística que dea seguridade xurídica



O PXOM é fundamental para o despegue económico da Estrada

e que permita o despegue económico da Estrada. A Estrada sen PXOM quedará novamente paralizada, e quedará por culpa de quen durante 16 anos non quixeron aprobar unha normativa urbanística que nos dera o impulso neces-

rio. Urbanismo e emprego están intimamente relacionados, por iso o PXOM é a peza fundamental que falta para que A Estrada despegue economicamente. E por iso o BNG está comprometido coa aprobación do PXOM.

A Contracapa

“O éxito do BNG será o fracaso do PP”, di Guillherme na clausura dunha Convención que rexistou unha asistencia masiva

O BNG sae a gañar o partido das municipais



Os candidatos e candidatas do BNG, co portavoz nacional, Guillherme Vázquez

Máis de 1.500 persoas ateigaron o auditorio do Pazo de Congressos no acto central da Convención Electoral Municipal. A multitudinaria asistencia e a enerxía que enchía a sala confirmaron que, tal e como afirmou o portavoz nacional, Guillherme Vázquez, “este parti-

“**Estamos comprometidos sen medias tintas cos intereses de Galiza. De Botín e as grandes corporacións xa se ocupan outros**”

do saímolo a gañar. O éxito do BNG nas municipais será o fracaso do PP”, engadiu. Alí estaba o BNG abarrotando a sala e demostrando que “hai alternativa, proxecto. Hai solucións” e así se recolle nunhas listas renovadas practicamente ao 50%. A todos estes candida-

tos e candidatas dirixiuse Guillherme para lles dicir: “vós sodes a mellor demostración de que hai razón, hai BNG, hai futuro. Estamos comprometidos sen medias tintas, cos intereses de Galiza, co noso idioma, a nosa cultura, a sanidade, o ensino público, cos sectores produtivos básicos”, afirmou Guillherme, “é tempo de compromiso, de elixir campo e nós eliximos estar ao lado da xente e dos seus problemas. De Botín e as grandes corporacións xa se ocupan outros”, concluíu o líder nacionalista, quen pronunciou o discurso de clausura logo da intervención de 15 candidatos e candidatas. A Convención acolleu tamén a posta de longo da rede de ciberbloqueir@s, integrada nesa xornada por máis de cen persoas, que retransmitiron o acto a través das redes sociais, minuto a minuto. Os seus máis de 2.000 tweets, cheos de graza e enxeño, algúns emulando até os cronistas deportivos, levaron a mensaxe do BNG a arredor de 5.000 persoas.



Unha imaxe da sala do Pazo de Congressos ateigada de público



Os asistentes aplaudiron con enerxía as intervencións

Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C
36680 A Estrada
Tif/Fax: 986 590 002
Correo: estrada@bng-galiza.org
Web: <http://www.benega.info/aestrada>

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

